



## ÍNDICE - SUMARIO

N.º 210

Volume XLII

novembro - decembro 2018

### **Guieiro**

por Pedro Castelao 3

### **Presentación do Foro 2018**

#### **Mulleres no altar?**

por Marisa Vidal Collazo 5

### **Estudos**

#### **Unha ollada feminista á Igrexa entre o luscofusco da esperanza**

por María Pilar Wirtz Molezún 9

#### **As perspectivas teolóxicas sobre o sacerdocio feminino**

por Jesús Martínez Gordo 30

#### **Diaconado feminino na antigüidade cristiá**

por Fernando Rivas Rebaque 51

### **Achegas**

#### **Danza da Sabedoría**

por Carme Soto Varela 68

#### **Discernimento financeiro**

por Fernando Vidal Fernández 73

#### **Carta do Santo Padre, Francisco, ao pobo de Deus**

por Papa Francisco 82

#### **Uxío, o ben nado**

por Francisco Martínez Sánchez 88



### **Crónica**

- Carta desde a banda da esperanza  
por Manuel Regal Ledo 90

### **Recensións**

- Cando o cristianismo era novo. Vivir, pensar e actuar desde as orixes da experiencia crente*  
por Íñigo Arranz 102

- Na terra silenciosa*  
por Irmá Paula Téllez 105

- Índice xeral do ano**  
por Ramón Díaz Raña 108

### **Ilustracións**

- por Soedade Pite 57, 71



Ser contrario ao antisemitismo é unha obriga de humanidade. E tamén o é loitar contra o racismo. Así mesmo, denunciar e combater a discriminación e a invisibilidade da muller é un deber que hoxe en día está gañando conciencia de imperativo moral universal.

Agora ben, só os xudeus deben combater o antisemitismo? Só os negros deben enfrontarse co racismo? Só as mulleres deben cuestionar e contrariar a toda forma de violencia e ostracismo que se practica contra elas? É evidente que non.

Se desactivar o antisemitismo é unha obriga de todas culturas, se a loita contra o racismo afecta a todas as razas, tamén a derrota e a superación desas lesivas inercias machistas e desas explícitas exclusións contra as mulleres afecta e inclúe a toda a sociedade —nenos e nenas, mozos e mozas, vellos e vellas, varóns e mulleres— por moita tradición que eses prexuízos parezan ter. Non é só un problema dunha parte da sociedade, senón de toda ela.

Nos últimos tempos está emerxendo un fenómeno sorprendente. Estes prexuízos sexistas, que dividen a homes e mulleres, e proxectan sobre eles estereotipos que non respectan a súa valía individual, están sendo novamente reproducidos, de xeito ben triste e paradoxal, por aqueles colectivos que pensan e sosteñen que das mulleres só poden falar as mulleres.

Incrible, pero certo. Como se unha investigación documentada sobre o holocausto non puidese ser firmada por un xermano. Ou como se unha tese de doutoramento sobre o apartheid non puidese ser feita por un branco. Como se fose o sexo do relator —e non as horas de estudo e as súas publicacións— o que lle dá autoridade para pronunciarse sobre unha cuestión.

Cáese, xa que logo, nunha penosa inconsecuencia: o machismo contra o que se loita tórnase nestes colectivos prexuízo sexista inverso que proscribe e prexulga o valor do que un vai dicir en función de se é home ou muller, consagrando, así, novamente, o mesmo tipo de discriminación estrutural que se pretendía denunciar e superar.

*Encrucillada* evitou tal falacia na realización do seu último Foro dedicado á cuestión dos ministerios ordenados en relación co acceso da muller a eles. Invitamos, pois, a xente competente que tiña algo que dicir sobre o asunto.

María Pilar Wirtz Molezún, Jesús Martínez Gordo e Fernando Rivas Rebaque expuxeron, no salón de actos do Hospital de San Roque, os seus correspondentes relatorios, logo dunha presentación xeral de Marisa Vidal Collazo. Os lectores deste número poderán atopar aquí as ricas, suxestivas e documentadas reflexións ao respecto de todos eles.

O Foro rematou cunha «Danza da sabedoría» interpretada polo Ballet Druída, dirixido por Mercedes Suárez, sobre un texto de Carme Soto. As bailarinas foron Julia Méndez e Paula Ripoll. Publicamos o texto de Carme Soto.

Como achega publicamos tamén un texto de Fernando Vidal sobre o discernimento financeiro a propósito do documento *Oeconomicae et Pecuniariae Quaestiones. Consideracións para un discernimento ético sobre algúns aspectos do actual sistema económico e financeiro*, elaborado pola Congregación para a Doutrina da Fe en colaboración co Dicasterio para o Desenvolvemento Humano Integral. A isto sumámoslle unha importante Carta do papa Francisco sobre a pederastia. Ademais dámos tamén ao prelo un texto firmado por Francisco Martínez Sánchez louvando merecidamente os noventa anos do crego Uxío García Amor.

Algunhas recensións, a Crónica de Igrexa –sempre ben documentada e atenta ao esencial– así coma os debuxos de Soedade Pite completan un número co que finalizamos un ano máis de traballo compartido.

**Pedro Castelao**

